

FELICES 30 ANOS!!!



Penso que cando se celebrou por primeira vez, moitos dos que hoxe organizan eran “nenos” pero despois dun longo percorrido lograron unir as xeracións nunha fermosa festa “a **Exaltación do Viño da Ulla**”.

Estes trinta anos mostraron a San Miguel de Sarandón, como un escaparate de Vedra, onde se mostra a calidade nos viños galegos. Esa calidade da súa terra e da súa xente, proxectándose ano tras ano

nun gran traballo por superar e brindar un excelente produto.

Penso en todos reunidos no campo da festa, compartindo alegría e ilusión ante a obra realizada, pero pensando xa na próxima edición , pois continuará moitas máis.

Sei que se vivira en Vedra, colaboraría por manter esas tradicións, ó igual que facemos na outra Vedra, a de Bos Aires, continuando coas costumes e cultivando nos xóvenes a participación e integración no mundo da cultura galega.

Dende Arxentina quéroille comentar que a Sociedade Parroquial de Vedra cumpre o seu **Centenario**. Cen anos de traballo, adicación e esforzo por manter tan lonxe da nai patria tódalas tradicións, dándolle á música, ó baile, ó deporte e á gastronomía un motivo de encontro.

Compartimos cos nosos xóvenes as tarefas, para que este fermoso emprendemento de ter “Casa de Vedra” en Bos Aires, teña futuro.

Grazas á comunicación estamos logrando algo importante, que a xente das dúas beiras compartan as súas vivencias, case diariamente, sen ter en conta as distancias.

Tratando tamén de eliminar distancias, quería convidar a todos aqueles que poidan, a compartir algún evento con nós, que nos visiten!. Sempre hai un familiar ou amigo que os recorda e agarda. A nosa casa en José Mármol 760, é a de todos, é un punto de encontro de Galicia en Bos Aires.

Felicitacións a todos!!!

Boa festa!!!

Agardámoslos para o noso “**Centenario**”

Dora Pegito Quintás .
Presidente Sociedade Parroquial de Vedra.
Bos Aires.

A nosa páxina web: www.vedra.com.ar